



| Guía Docente | | | | |
|-----------------------|---|--------------------|--|----------|
| Datos Identificativos | | | | 2023/24 |
| Asignatura (*) | Mecánica de medios continuos | Código | 632514002 | |
| Titulación | Mestrado Universitario en Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos | | | |
| Descritores | | | | |
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos |
| Mestrado Oficial | 1º cuatrimestre | Primeiro | Obrigatoria | 6 |
| Idioma | CastelánGalegoInglés | | | |
| Modalidade docente | Presencial | | | |
| Prerrequisitos | | | | |
| Departamento | Construcións e Estruturas Arquitectónicas, Cívicas e Aeronáuticas | | | |
| Coordinación | Fontan Perez, Arturo Norberto | Correo electrónico | arturo.fontan@udc.es | |
| Profesorado | Fontan Perez, Arturo Norberto Nieto Mouronte, Felix | Correo electrónico | arturo.fontan@udc.es felix.nieto@udc.es | |
| Web | https://campusvirtual.udc.gal/course/view.php?id=8191 | | | |
| Descrición xeral | Esta materia impártese no primeiro curso da titulación. A mecánica de medios continuos permite determinar o comportamento interno dun corpo en resposta ás forzas externas que actúan sobre el e proporciona a base para múltiples e variados campos da ciencia. Os medios continuos poden clasificarse atendendo ao seu comportamento mecánico en sólidos deformables e fluídos. | | | |

| Competencias / Resultados do título | |
|-------------------------------------|--|
| Código | Competencias / Resultados do título |
| A1 | Capacitación científico-técnica e metodolóxica para a asesoría, a análise, o deseño, o cálculo, o proxecto, a planificación, a dirección, a xestión, a construción, o mantemento, a conservación e a explotación nos campos relacionados coa Enxeñaría Civil: edificación, enerxía, estruturas, xeotecnia, hidráulica, hidroloxía, enxeñaría cartográfica, enxeñaría marítima e costeira, enxeñaría sanitaria, materiais de construción, medio ambiente, ordenación do territorio, transportes e urbanismo, entre outros |
| A6 | Aplicación das capacidades técnicas e xestoras en actividades de I+D+i dentro do eido da Enxeñaría Civil |
| A8 | Utilización dos ordenadores para a resolución de problemas complexos de enxeñaría. Utilización de métodos e modelos sofisticados de cálculo por ordenador así como utilización de técnicas de sistemas expertos e de intelixencia artificial no contexto das súas aplicacións na resolución de problemas do ámbito estrito da Enxeñaría Civil |
| A9 | Capacidade para resolver numericamente os problemas matemáticos máis frecuentes na enxeñaría, desde a formulación do problema ata o desenvolvemento da formulación e a súa implementación nun programa de ordenador. En particular, capacidade para formular, programar e aplicar modelos numéricos avanzados de cálculo, así como capacidade para a interpretación dos resultados obtidos no contexto da enxeñaría civil, a mecánica computacional e/ou a enxeñaría matemática, entre outros |
| A12 | Comprensión e dominio dos conceptos básicos sobre as leis xerais do movemento mecánico e do equilibrio dos corpos materiais, e capacidade para a súa aplicación na resolución de problemas de Mecánica Racional en ámbitos propios da enxeñaría como son a Mecánica dos Medios Continuos, a Mecánica de Fluídos, a Teoría de estruturas, etc |
| A25 | Capacidade para aplicar a mecánica dos fluídos e as ecuacións fundamentais do fluxo en cálculo de conducións a presión e en lámina libre. |
| B1 | Que os estudantes posúan as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando dun xeito que terá que ser en gran medida autodirixido ou autónomo. |
| B2 | Posuír e comprender coñecementos que aporten unha base ou oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas, a miúdo nun contexto de investigación |
| B3 | Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en contornas novas ou pouco coñecidas dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo. |
| B4 | Que os estudantes sexan capaces de integrar coñecementos e enfrontarse á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos |
| B5 | Que os estudantes saiban comunicar as súas conclusións e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan a públicos especializados e non especializados dun xeito claro e sen ambigüidades. |



| | |
|-----|--|
| B6 | Resolver problemas de forma efectiva |
| B7 | Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo |
| B9 | Traballar de forma colaborativa |
| B18 | Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade |
| C2 | Comprender a importancia da innovación na profesión |
| C3 | Aproveitamento e incorporación das novas tecnoloxías |
| C11 | Habilidade para a xestión de información |
| C12 | Capacidade de análise, síntese e estruturación da información e das ideas |
| C13 | Claridade na formulación de hipóteses |
| C14 | Capacidade de abstracción |
| C16 | Capacidade de autoaprendizaxe mediante a inquietude por buscar e adquirir novos coñecementos, potenciando o uso das novas tecnoloxías da información |
| C20 | Capacidade para aplicar coñecementos básicos na aprendizaxe de coñecementos tecnolóxicos e na súa posta en práctica |

| Resultados da aprendizaxe | | | | |
|--|--|-------------------------------------|------|------|
| Resultados de aprendizaxe | | Competencias / Resultados do título | | |
| Coñecer e comprender o comportamento dos medios continuos sólidos. Entender o comportamento dos materiais lineais e non lineais, empregados en enxeñaría. Coñecer e comprender o comportamento do medio fluído. Entender os tipos de fluxo e os métodos existentes actuais para o tratamento computacional da mecánica de fluídos. | | AM1 | BM1 | CM2 |
| | | AM6 | BM2 | CM3 |
| | | AM8 | BM3 | CM11 |
| | | AM9 | BM4 | CM12 |
| | | AM12 | BM5 | CM13 |
| | | AM25 | BM6 | CM14 |
| | | | BM7 | CM16 |
| | | | BM9 | CM20 |
| | | | BM18 | |

| Contidos | |
|--|--|
| Temas | Subtemas |
| Tema 1. Introducción á Mecánica de Medios Continuos. | Sólidos e fluídos. |
| Bloque A. Mecánica do medio continuo sólido. | Tema 2. Movementos e deformacións. Ecuacións cinemáticas. Tema 3. Forza e tensións. Ecuacións de equilibrio. Tema 4. Relacións entre tensións e deformacións. Ecuacións constitutivas dos materiais. Tema 5. Elasticidade lineal bidimensional. Deformación plana e tensión plana. Tema 6. Hiperelasticidade. Tema 7. Plasticidade. Criterios de plastificación. Tema 8. Viscoelasticidade lineal. Tema 9. Elasto-viscoplasticidade lineal. |
| Bloque B. Mecánica do medio continuo fluído. | Tema 10. Introducción á Mecánica de Fluídos. Tema 11. Cinemática. Tema 12. Principios de masa e cantidade de movemento. Tema 13. Vorticidade, viscosidade, sustentación e resistencia. Tema 14. Ecuación de Navier-Stokes. Tema 15. Capas límite. Turbulencia. |

| |
|----------------------|
| Planificación |
|----------------------|



| Metodoloxías / probas | Competencias / Resultados | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
|------------------------|---|---|-------------------------|--------------|
| Sesión maxistral | A1 A6 A8 A9 A12 A25 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B9 B18 C2 C3 C11 C12 C13 C14 C16 C20 | 35 | 35 | 70 |
| Estudo de casos | A1 A6 A8 A9 A12 A25 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B9 B18 C2 C3 C11 C12 C13 C14 C16 C20 | 30 | 30 | 60 |
| Lecturas | A1 A6 A8 A9 A12 A25 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B9 B18 C2 C3 C11 C12 C13 C14 C16 C20 | 0 | 4 | 4 |
| Traballos tutelados | A1 A8 A9 A25 B3 B4 B5 B6 B7 C3 C11 C12 C13 C14 | 1 | 10 | 11 |
| Proba obxectiva | A1 A6 A8 A9 A12 A25 B2 B3 B4 B5 B6 B7 C3 C11 C12 C13 C14 C20 | 3 | 0 | 3 |
| Atención personalizada | | 2 | 0 | 2 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías | |
|---------------------|---|
| Metodoloxías | Descrición |
| Sesión maxistral | Exposición de contidos conceptuais dos diversos temas. |
| Estudo de casos | Resolución das prácticas dos diferentes temas formulados polos profesores. |
| Lecturas | Lectura de artigos de revista como ampliación de coñecementos. |
| Traballos tutelados | Resolución dun problema de mecánica de fluídos computacional. |
| Proba obxectiva | Realización dos exames da materia nas datas establecidas ao efecto pola Comisión Docente da Escola. |

| Atención personalizada | |
|------------------------|---|
| Metodoloxías | Descrición |
| Sesión maxistral | Sesión maxistral: |
| Estudo de casos | Os alumnos deberán preguntar en tutoría individual aqueles aspectos desenrolados nas sesións maxistras que non foron suficientemente comprendidos e interiorizados. |
| Traballos tutelados | Estudo de casos: Igualmente, os alumnos deberán resolver as dúbidas que se lles formulen antes ou despois de que as prácticas de cada tema sexan resoltas na aula polos profesores da asignatura. Neste caso os alumnos poden acudir a tutoría individualmente ou en grupo. Traballos tutelados: O alumnado pode acudir a tutoría individualmente. |



Avaliación

| Metodoloxías | Competencias / Resultados | Descrición | Cualificación |
|---------------------|---|--|---------------|
| Proba obxectiva | A1 A6 A8 A9 A12 A25 B2 B3 B4 B5 B6 B7 C3 C11 C12 C13 C14 C20 | Os exames divídense en dúas partes dedicadas a: (1) Resolución de exercicios prácticos de mecánica do sólido deformable. Valoración: 65 puntos sobre 100. (2) Contestación a preguntas sobre os contidos conceptuais de mecánica de fluídos. Valoración: 15 puntos sobre 100. | 80 |
| Traballos tutelados | A1 A8 A9 A25 B3 B4 B5 B6 B7 C3 C11 C12 C13 C14 | Os estudantes deberán presentar un traballo individual e obrigatorio na data indicada polo profesor, anterior á data do exame da convocatoria correspondente, no que se resolverá un problema de mecánica de fluídos computacional empregando as ferramentas estudadas na materia (Salome, OpenFOAM, ? etc.). O estudante entregará un ?dosier? coa solución do traballo e realizará unha presentación oral na data indicada polo profesor (en todo caso con anterioridade á data de peche de actas). Ao remate da presentación oral, os estudantes responderán ás preguntas que faga o profesor sobre o contido do traballo, metodoloxía empregada, ? etc. No acto de presentación, os estudantes deberán poder acceder a todos os arquivos dos modelos xerados para poder ser revisados (diccionarios de OpenFOAM, arquivos .hdf, ? etc.). | 20 |

Observacións avaliación

O contido da materia divídese en dous bloques: medio continuo sólido (A) e medio continuo fluído (B).

O 65% da cualificación da materia corresponde ao bloque A, mentres que o 35% restante corresponde ao bloque B.

A materia supérase cando a nota global sexa igual ou superior a 50 sobre 100. Para facer media entre as notas dos bloques A e B o estudante debe ter unha nota superior a 35 sobre 100 en cada un dos dous bloques.

En cada exame os estudantes poden presentarse libremente a calquera das dúas partes (1 ou 2) ou a ambas. A cualificación final obterase a partir da nota máis recente obtida polo estudante en cada unha das partes.

A presentación do traballo en calquera das convocatorias implica que o estudante se presenta a esa convocatoria, incluso en caso de que non se presente ao exame oficial correspondente. A cualificación obtida no traballo conservarase unicamente durante ese curso académico.

A realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación, unha vez comprobada, implicará directamente a cualificación de suspenso na convocatoria en que se cometa: o/a estudante será cualificado con ?suspenso? (nota numérica 0) na convocatoria correspondente do curso académico, tanto se a comisión da falta se produce na primeira oportunidade como na segunda. Para isto, procederase a modificar a súa cualificación na acta de primeira oportunidade, se fose necesario.

Fontes de información

| | |
|------------------------------------|--|
| Bibliografía básica | <ul style="list-style-type: none"> - S. Hernández, A. Fontán (2016). Mecánica de Medios Continuos. Sólido deformable. Andavira - A. A. Shabana (2012). Computational Continuum Mechanics. Cambridge University Press - X. O. Olivella, C. Agelet de Saracibar (2002). Mecánica de medios continuos para ingenieros. Univ. Politèc. de Catalunya - E. H. Dill (2007). Continuum Mechanics. Elasticity, Plasticity, Viscoelasticity. CRC Press - S. Nair (2009). Introduction to Continuum Mechanics. Cambridge University Press - J. Blazek (2001). Computational Fluid Dynamics: Principles and Applications. Elsevier - D. C. Wilcox (2006). Turbulence Modeling for CFD. DCW Industries, Inc. - R. Schiestel (2007). Modeling and Simulation of Turbulent Flows. Wiley - P. A. Davidson (2004). Turbulence. An introduction for scientists and engineers. Oxford University Press |
| Bibliografía complementaria | |

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente



| |
|--|
| Materias que se recomenda cursar simultaneamente |
| |
| Materias que continúan o temario |
| |
| Observacións |
| |

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías